

Mar adiante

Adaptación escénica ao coidado de
J. L. Graña Muíño

Mar adiante

Texto narrativo orixinal: **María Victoria Moreno**

Texto teatral adaptado: **J. L. Graña Muíño**

Ilustracións: **Araceli Liste**

e imaxe baixo licenza Creative Commons

A XEITO DE LIMIAR


O presente texto teatral pretende ser unha sentida homenaxe a María Victoria Moreno, quen provocou en min grande admiración pola afouteza da súa persoa e pola sensibilidade como autora, á parte de enorme satisfacción como lector. Ademais, leva a intención de lle servir de motivación á xente nova para se introducir na actividade escénica ou manter o ánimo a xa iniciada.

Cómpre aclarar que o entrañable texto narrativo de María Victoria Moreno, dirixido nitidamente a primeiros lectores, fica aquí afectado por unha tripla adaptación:

- a) Está deseñado para ser representado por un elenco preferentemente xuvenil.
- b) Amplía o abano na idade dos destinatarios, que podería estimarse de dez anos en diante.
- c) Muda o contexto a un tempo máis actual.

Porén, procúrase coidadosamente manter a mensaxe da autora, a identidade dos personaxes e a carga emotiva do relato.

J. L. Graña Muíño



A. Liste, 85

PERSONAXES

MIGUEL: Home maduro, de barba longa. Leva viseira informal.

XOSÉ LUÍS: Leva viseira propia de capitán e viste máis formal ca os mariñeiros.

XAIME: Mariñeiro.

TINO: Mariñeiro. Coma Xaime, viste xersei e pucho de fio grosso.

LOLA: Leva sobreposto mandil branco e pano na cabeza.

RAPACES

RAPAZAS

MULLERES

RULIÑA

MESTRE

XOSÉ E OS FILLOS



Imaxe baixo licenza Creative Commons

ACTO PRIMEIRO

ESCENA I

(O peirao dunha vila mariñeira. Entre o posible mobiliario, un banco largo. Entra Miguel devagar. Dá uns paseos e despois senta no banco. Acomódase e fixa a ollada ao lonxe. Óense berros illados de gaivotas e, se cadra, o motor dunha embarcación.)

MIGUEL.- Ahhh, esta airexa! Este recendo a argazo dáme a vida. O día que non poida baixar ao peirao... Cheguei aquí con catorce anos. Era un cativo. Non tiña máis ca pernas. Unhas pernas longas e fracas, coma un mosquito da noite. Miña nai ía á conserveira e meu pai... Meu pai xa non estaba. *(Pausa.)* Eu non tiña que facer nin a onde ir. Pasaba o día aquí, mirando para os barcos e as gaivotas, e vendo como traballaban as redeiras e mais os xubilados arranxando nasas ou repintando os nomes nas aletas. E cando me cansaba, ía ata a ribeira ver traballar os carpinteiros. Alí pasábame o tempo sen me decatár. *(Pausa.)* E hoxe... *(Fala cada vez máis amodo.)* Hoxe Portosouril está inzada de embarcacións feitas na miña carpintaría. Os patróns xa non queren outras. *(Pausa.)* E paguei o colexio novo. E o faro. E... Aaaai. *(Déixase caer estarricado no banco e pon, amodo, a boina diante dos ollos. Mingua a intensidade de luz ata a penumbra.)*

ESCENA II

(Entran os rapaces con mochilas ao lombo ou libros e cadernos na man, ollando ao chan, e o mestre berrando detrás entolecido.)


MESTRE.- A quen se lle conte... Levamos dous meses cos condenados polinomios e non hai maneira! Xa vos quero aí a todos sentados no chan e volvendo facer os exercicios que corriximos hoxe! Acabáronse os recreos para esta semana. Se o luns non sabedes dividir polinomios, ides todos ao mar cos libros amarrados ao pescozo! Comeranvos as gaivotas e mais os peixes!

(Os rapaces sentan no chan ao redor do banco onde está estarricado Miguel, tristes e tremendo de medo. Sacan o material e pónense a realizar os exercicios a todo correr. O mestre pasea encabuxado, soprando, coas mans agarradas detrás das nádegas, vixiándoos constantemente. Faise o escuro.)

ESCENA III

(Novamente o cadro de Miguel deitado no banco. Recupérase, progresivamente, a luz na escena.)

MIGUEL.- *(Érguese moi amodo ata sentar. Acomoda a viseira e espreguízase.)* Vaia. E toquei e todo. *(Pausa.)* Isto dos soños... évos ben curioso. *(Apoia os cóbados nas coxas e fica un anaco caviloso antes de falar.)* Home, home, botalos ao mar... Así e todo... Pobres rapaces! Pobres! *(Pausa.)* Vou facer un barco branco coma unha gaivota e rápido coma un peixe, e vóullelo dar aos rapaces para que non sufran no instituto. Ademais, así saberán que as gaivotas non se dedican a comer rapaces e que o mar é a cousa máis fermosa do mundo.



ACTO SEGUNDO

ESCENA I

(O cadro amosa un barco grande amarrado no peirao. No costado lese ARROÁS. Miguel móvese por el con todo o coidado, ollándoo e acariñándoo. Van entrando os rapaces, pouco a pouco, sen orde aparente: por parellas, de un en un...)

RAPAZA 1.- É un pesqueiro?

MIGUEL.- Non, non é un pesqueiro.

RAPAZ 1.- É un barco de guerra?

MIGUEL.- Non. Eu non sei facer barcos de guerra.

RAPAZA 2.- É unha casiña para ti?

MIGUEL.- Non, ho!

RAPAZA 3.- É para durmiren as gaivotas?

MIGUEL.- *(Ri)*

RAPAZ 2.- É unha batea?

MIGUEL.- Non, non é nada diso. *(Queda ollando un anaco para eles. Despois colle un cartel e pendúrao da varanda. Os rapaces acoden axiña, atropelándose, ollar o letreiro para ver que di. Tras o leren, óllanse entre eles e cada un sinálase a si mesmo agardando de Miguel a confirmación de que o barco se construíra pensando neles. Miguel asente cun sorriso. Os rapaces saen ás carreiras. Miguel fica ollando fachendoso o ARROÁS e recoloca o letreiro varias veces.)*

(Entran de volta os rapaces correndo, coas mochilas ao lombo e algunhas pezas de roupa de abrigo na man. Cando todos están no ARRÓAS, Miguel baixa e abandona o escenario.)

RAPAZA 4.- Ei, Miguel, a onde vas?

RAPAZ 2.- Queremos saír xa! Arranca o motor e partamos!

MIGUEL.- *(Volvendo asomar por un lateral.)* Acougade, rapaces. Acougade, que axiña volvo.

(Sae. Os rapaces móvense inquedos polo ARROÁS, explorándoo todo, tolos de ledicia.)

ESCENA II

(Entra Miguel co capitán, os mariñeiros e a cociñeira, e soben todos a bordo.)

MIGUEL.- Rapaces, este é Xosé Luís. Vai ser o capitán do ARROÁS.

XOSÉ LUÍS.- Encantado, rapaces.

MIGUEL.- Este é Xaime e este, Tino. Levan anos de mariñeiros. Seguro que ides aprender moito con eles.

XAIME E TINO.- Que tal, rapaces?

MIGUEL: E estoutra é Lola, a que vos vai facer de comer.

LOLA: *(Ri.)* Espero que non coman moito.

(Os rapaces amosan a máxima atención nas presentacións. Están todos na cuberta, arrimados á varanda para despedirse dos seus, que se foron xuntando no peirao e que os despiden con panos brancos. O ARROÁS parte de Portosouril facendo soar a súa sirena. Os familiares van abandonando o peirao pouco a pouco. A luz esvae moi lentamente.)

(Voces de fondo)

RAPAZA 2.- Por que non brilla aquela casiña?

RAPAZA 1.- Os mariñeiros de Portosouril contan que outrora todas as casiñas da aldea brillaban como alfaias cando lles daba o sol. E disque todos os navegantes de Galicia, ao veren a luzada, cantaban:

Ollando Portosouril,
o vento da miña terra

coido que chama por min.

Portosouril era moi apreciada. Pero un día...

(Funga o vento, crescendo. A luz vai minguando ata deixar o escenario case ás escuras. Óense tronos e xorden lóstregos. Tamén se oe chover. As mulleres vanse xuntando no peirao e falan, todas á vez, inintelixiblemente. Dan en chorar, máis a cada paso. Unha luz feble asoma ao lonxe. Agora falan máis alto sen parar de chorar.)

MULLER 1.- Xa volven. Non lles pasou nada.

MULLER 2.- Ai, miña filla! Deus te oia!

(Asoma a proa dun barco no peirao. Entran varios homes.)

MULLER 1.- E os demais barcos, Xosé?

XOSÉ: Non sei. Eu non sei nada. O mar púxose moi mal.

MULLER 2.- Volve partir, Xosé, e fai por dar cos nosos homes!

XOSÉ.- Veño moi canso. Xa chegarán. Eu voume para o leito.

MULLER 3.- Vai aínda que non sexa máis que ata as illas. Vai botar unha olladiña, home, para saber se veñen.

XOSÉ.- Xa vos dixen que veño moi canso. Ademais, xa sabedes que non teño máis mariñeiros que os meus fillos, e agora temos moito sono.

MULLER 1.- Imos nós contigo. Imos nós aínda que sexa.

MULLER 2.- Aí está, imos nós.

MULLER 3.- Tes catro fillos mozos e mais o mellor barco da

aldea. Vai soamente ata as illas, polo amor de Deus.

(Xosé abandona o escenario cos fillos, sen responder ós rogos. Óese bater unha porta e despois o ruído do ferrollo. As mulleres desprázanse á procura dese ruído. Choran e suplican axuda a berros.)

XOSÉ.- *(Voz de fondo.)* Ide chorar á praia. Deixádeme durmir, mulleres do demo!

(Un lóstrego brutal invade a escena e faise o silencio. As mulleres van abandonando o escenario paseniño.)

RAPAZA 2.- *(Algo recuperada a luz no escenario.)* Ao mencer, o mar botou fóra os corpos dos mariñeiros e mais os restos dos pesqueiros. As bágoas, o loito e a fame asentáronse en Portosouril ata que os nenos se fixeron mozos, construíron outros barcos e saíron faenar. Non se soubo máis de Xosé. A súa casa ficou, sen vidros nas fiestras, entre as casiñas dos mariñeiros. Desde aquela, os navegantes, cando pasan á altura de Portosouril cantan:

(Coro de homes)

Don Xosé, home malvado,
por non axudar aos pobres
o sol fuxiu do teu lado.

ESCENA III

(Fondo unicamente de mar e ceo tapado. O Arroás en primeiro plano. Alborea.)

LOLA *(Voz de fondo.)*.-

Raparigos do Arróas,
fóronse as nubes do ceo
e érguese o sol desde o mar.
Non sexades preguiceiros,
vinde todos almorzar!

(Escóitase ruído de movemento de louza sobre un fondo de música de tema mariñeiro. Xosé Luís e os mariñeiros móvense pola cuberta. Ao pouco, van aparecendo os rapaces.)

RAPAZ 1.- Que facemos, logo?

RAPAZA 4.- Podo axudar en algo?

XOSÉ LUÍS.- Tranquilos, rapaces.

RAPAZA 4.- É que nos aburrimos.

XOSÉ LUÍS.- De momento, o mellor que podedes facer é mirar.

RAPAZA 4.- Mirar que? Non hai máis ca auga.

XOSÉ LUÍS.- Mirar como traballan Xaime e Tino, sen ir máis lonxe.

(Os rapaces calan.)

XOSÉ LUÍS.- Observade as nubes. Catade a temperatura do aire. Ollade a cor da auga. Pensade en toda a vida que haberá aí

dentro. Eu que sei... imaxinade que fariades vós se fósedes unha pescada ou unha quenlla.

RAPAZ 2.- Que é unha quenlla?

XOSÉ LUÍS.- *(Ri.)* Preguntádelles aos mariñeiros. Tamén podedes ler. Collede os libros e lede algo.

RAPAZA 4.- Non hai gana.

XAIME.- Se esperas pola gana, poucas cousas vas facer nesta vida, rapaza.

RAPAZA 3.- Imos facer algo de memoria, veña. Acordádesvos do conto de Carapuchiña. Quen sabe enteiro o conto de Carapuchiña?

RAPAZ 2.- Vai rezar, ho! Carapuchiña! *(Ri con desprezo.)*

RAPAZ 1.- Sabedes a historia da nena que foi mercar viño?

RAPAZA 1.- Esa non.

RAPAZ 1.- Era unha rapaza moi traballadora que facía todos os recados que lle mandaba súa nai...

RAPAZA 4.- Para, para. Cambia de conto, que ese non me interesa.

(Os demais rin. Óense berros de gaivotas. Algún dos rapaces ollan para o ceo.)

RAPAZ 2.- Tamén había aquela historia de Catuxiña.

RAPAZA 2.- Catuxiña? Esa non me soa.

(Óense máis gaivotas e moito máis forte. Todos ollan para riba, molestos polo ruído.)

RAPAZ 1.- *(Diríxese ás gaivotas.)* Xa podiades calar un pouco!

RAPAZ 2.- Catuxiña vivía nunha aldea a dous ou tres quilómetros de Lalín.

RAPAZA 2.- En Lalín viven meus avós.

(Berros das gaivotas máis intensos aínda.)

RAPAZA 4.- *(Diríxese ás gaivotas.)* Queredes calar, pesadas!

RAPAZ 1.- Que ten que ver! Agora deixa que conte o de Catuxiña.

RAPAZ 2.- O pai traballaba de albanel e a nai coidaba dos animais.

RAPAZA 4.- O pai traballaba de...? Non oio con estes condenados de paxaros. Xaime, escorrenta estes bechos, por favor!

XAIME.- *(Ri.)* Amola, que non?

RAPAZA 4.- Non nos deixan escoitar os contos. *(Ás gaivotas.)* Fóra de aí, bruxas!

XAIME.- A cuberta non é sitio para contos, rapaces. Queredes que marchen?

RAPAZ 1.- Home...!

XAIME.- Abatédelles engado aló ben lonxe para que se vaian distraendo mentres o Arroás vai avantando.

RAPAZA 1.- E que é o engado?

RAPAZ 1.- Non sabes o que é o engado?

XAIME.- Alí naquel caldeiro debe haber algo. Se non, habería

que collelo.

RAPAZA 1.- Collelo... onde?

RAPAZ.- *(Ri.)* No mar, nena. Onde vai ser?!

(A rapaza vai ao caldeiro e zorrega engado ben lonxe. Os berros das gaivotas vanse apagando ata quedar só o ruído do mar.)

RAPAZ 2.- O pai era albanel, vale? Catuxiña non tiña irmáns...
(Segue contando a historia. A voz vai esmorecendo e, mentres, vaise facendo o escuro.)

ESCENA IV

(O escenario ha figurar unha illa. Vese a proa do Arroás. É un día limpo de sol grande e avermellado. Óese Lola volvendo cantar a alborada para que veñan almorzar. Repítese o boureo da louza do almorzo. Na proa do Arroás aparecen Xosé Luís e os mariñeiros, que cantan acompañados coa guitarra.)

Veciños da Carballeira,
chorade polos paxaros
que voaron mar adiante
tristeiros e alporizados.

(Van entrando os rapaces.)

Cando o vento vén do monte,
dese monte carballeiro,
parece sempre que chora
e volve o areal tristeiro.

RAPAZ 1.- Como é que cantades esas cancións tan tristeiras co bo día que vai?

XOSÉ LUÍS.- É para dar agarimo aos paxaros que viven naquelas illas. *(Sinála ao lonxe.)*

RAPAZ 1.- Daquela, gústanlles máis aos paxaros as cancións tristes ca as alegres?

XOSÉ LUÍS.- *(Pensa un anaco antes de contestar.)* A historia destes paxaros é moi longa de contar. Agora o que cómpre é seguir cantando.

Na Carballeira de Suso

hai árbores silandeiras
que aínda soñan cos paxaros
que ata hai pouco alí estiveran.

(Comezan a escoitarse píos de paxaros. Cada vez máis claros e máis variados. Os rapaces van baixando á illa e móvense por ela moi ledos.)

RAPAZA 2.- Que area máis quentiña!

RAPAZ 3.- Vistes que penedos?

RAPAZA 2.- E esta brisa morniña?

(Os rapaces, agás a RAPAZA 3, argallan unha danza colectiva e moi leda coa única música dos cantos dos paxaros. Aparece a RAPAZA 3 cun paxaro verde pousado nun ombreiro. O canto paxareiro vai esmorecendo.)

RAPAZA 3.- Mirade, rapaces, que traio aquí.

TODOS.- *(Paran de bailar e ollan para o paxaro abraiados.)*
E iso?

RULIÑA.- *(Voz de fondo.)* Boa tarde. Chámome Ruliña.

(Os rapaces vanse achegando coidadosamente á RAPAZA 3, abraiados, e dispoñéndose ao seu redor.)

RAPAZA 2.- *(Falándolle a Ruliña.)* Naciches no Brasil?

RULIÑA.- Non. Eu nacín na Carballeira de Suso.

RAPAZ 2.- Viñeches nun barco coma o noso?

RULIÑA.- Non. Vin voando mar adiante.

RAPAZA 3.- Gústache o mar?

RULIÑA.- O mar alporízame. O que me gusta é gabear nas pólas das árbores.

RAPAZ 2.- E logo... por que fixeches unha viaxe tan longa?

RULIÑA.- *(Fica un bo anaco calada. Mentres, volve escoitarse o canto variado da paxarada, que mingua despois para que se escoite ben a narración de Ruliña.)* A Carballeira de Suso non é terra para os paxaros. Vímonos na obriga de fuxir. *(Pausa.)* No seu tempo foi unha aldea moi leda porque as árbores estaban cheas de niños. Alí viviamos contentos. Pero as xentes da Carballeira foron moi inxustas connosco. Non nos querían ben e calumniábannos. Dician que os pardais os deixabamos sen trigo, que os xílgaros lles iamos ás uvas... *(A luz vai mingando na escena e deixan de escoitarse os píos da paxarada.)* Chegaron a apedrnarnos e a desfácernos os niños. Entón, decidimos alzar o voo e emigrar. Despois de moitas xornadas mar adiante, ollamos no horizonte esta illa e pousamos nela. Estase facendo noite. Éntrame o medo.

RAPAZA 3.- Se queres, facémosche compañía ata o teu niño.

RULIÑA.- Eu non teño niño. Nacín nunha gaiola e vendéronme cando era moi pequena. Despois o amo cansouse de min e ceiboume. Así que non puiden aprender dos meus pais a facer niños.

RAPAZ 3.- E como fas polas noites, logo?

RULIÑA.- Teño bos amigos e déixanme durmir con eles.

RAPAZA 3.- Hoxe podes vir durmir connosco se queres.

RULIÑA.- Non quixera molestar.

(Todos os rapaces botan unha risada de satisfacción e marchan para o Arroás.)

RAPAZA 3.- *(Na retirada.)* Veña, que antes de durmir ceas algo con nós.

RULIÑA.- Non vos preocupedes por iso. Eu ceo de paso que durmo. *(Todos frean de socato e ollan para Ruliña. Ela sorrí.)* Eu aliméntome de soños. *(Os rapaces quedan paralizados un instante. Despois retíranse definitivamente, paseniño e cavilosos.)*

ESCENA V

(Fondo estrelado e escenario case ás escuras.)

RAPAZ 3.- Ollade aquela estrela. Brilla máis ca as outras e foi a primeira en aparecer, xa antes de anoitecer.

XOSÉ LUÍS.- É o Luceiro.

RAPAZA 2.- Que chula!

XOSÉ LUÍS.- Pois si. Se queredes, levámola con nós e gardámola nunha caixa.

RAPAZA 1.- *(Ri.)* Capitán, as estrelas non son para gardar en caixas. Cómpre deixalas no ceo.

XOSÉ LUÍS.- As estrelas son algo fascinante. E o mellor é que non cobran por miralas. *(Pausa.) (Con ton maduro e filosófico.)* Hai xente con moitos cartos, moitos barcos ou moitas leiras que non deixan de ser pobres no seu corazón. *(Pausa.)* As estrelas, o recendo a argazo, o rechouchío dos paxaros non se mercan, son a riqueza de todos.

RAPAZ. 2.- Cantas estrelas haberá no ceo?

XOSÉ LUÍS.- Como? Non vos ensinaron iso no instituto? Vai pola calculadora ao camarote, bule! *(Rin todos a cachón.) (Pausa.)* Tino sabía unha historia moi chusca de estrelas. Cántalles, Tino.

TINO.- Si, a dos vagalumes. Isto era un vagalume femia, chamada Crarisca, que ao chegar a moza namorouse das estrelas, porque para ela eran vagalumes que estaban aló enriba, moi lonxe. Os mociños vagalumes pasaban á súa beira e dicíanlle:

(Canta acompañado de Xosé Luís á guitarra.)

Vou procurando mociña
entre as herbas dos camiños.
Son mozo e rico, Crarisca,
vasme querer por marido?

E ela respondía a todos coas mesmas palabras:

Ai, vaite, vaite, mociño,
porque eu teño o corazón
moi lonxe destes camiños.

Un día, o vento quíxo desenganar e díxolle: “Crarisca, as luciñas do ceo non son vagalumes. Chámanse estrelas”. Entón ela preguntoulle se eran todas femias. E el contestoulle: “Non, tamén hai luceiros. Pero non son vagalumes”. Daquela, Crarisca cravou os ollos no luceiro máis branco do ceo e pasaba as noites chorando por el. Unha noite Crarisca pediulle ao vento que fixese o favor de ir onda o Luceiro e lle dixese que estaba namorada del. Despois de moitas noites de inqueda, o vento volveu cun telegrama para Crarisca que dicía: “SEMPRE TEU. SEMPRE XUNTOS NA DISTANCIA”. Pasou o tempo e o Luceiro aínda era mozo, pero Crarisca foi avellando e perdendo vista, de xeito que xa lle custaba distinguir o seu namorado entre todos os vagalumes do ceo. Entón mandoulle un telegrama polo vento. “VEN PRETO DE MIN. ESTOU CASE CEGA”. Despois de moito matinar, o Luceiro pensou que non era boa idea baixar á Terra, e escribiulle unha carta na que lle prometía que ía ser o menos preguiceiro dos luceiros, que se ía erguer antes de chegar a noite e se ía deitar despois do abrete. Desesa maneira, Crarisca podería atopalo sen problema. E así é como o Luceiro vén a ser a primeira estrela da noitiña e a derradeira da

alba.

RAPACES (todos).- Que bonito!!! (*Aplauden longamente.
Faise o escuro.*)

ESCENA VI

(É á noitiña. Xaime e Lola falan na cuberta ollando o mar.)

XAIME.- Viches os rapaces?

LOLA.- Vin... o que?

XAIME.- Están amoucados coma un serán orballoso.

LOLA.- Será do cansazo. Non están afeitos.

XAIME.- Non será o día?

LOLA.- Como o día?

XAIME.- Mañá é o día de Nadal.

LOLA.- Tes razón. Pode ser. Eu xa non sei en que día vivo. Aquí todos os días son moi parellos. Iso ten amaño. Veña, vamos argallar unha árbore e poñer algo de alegría a bordo.

XAIME.- Unha árbore... de que?

LOLA.- Do que sexa. Ese caldeiro, mesmo. Bótalle dentro uns lastres, veña. *(Mentres Xaime arranxa o caldeiro, Lola procura unhas vasoiras e unha fregona. Meten todo no caldeiro, a xeito de arbusto.)* Busca por aí uns anacos de cabos ou un pedazo de rede.

XAIME.- *(Co material na man.)* Algo así?

LOLA.- Xusto. *(Envolve o pedazo de rede ao redor dos mangos.)* Aí a está, unha árbore mariñeira. Que che parece? *(Rin os dous a cachón.)* Agora poñémoslle uns careixóns e listo.

XAIME.- Que careixóns, Lola? A tres millas de terra?

(A noite ía caendo. Lola ollou en fite a Xaime e sorriu. Baixou do Arroás e botouse a andar paseniño pola auga. Xaime agardaba a bordo abraiado. Ao pouco Lola volveu ao Arroás cargada de argazo e escuma nos brazos e corazónciños vermellos nas mans.)

LOLA.- Toma, axúdame e colgar isto na árbore.

XAIME.- Que clase de meigallo é este, Lola? Ti es meiga. Abofé que o es.

LOLA.- *(Sorri.)* Ti cala, mariñeiriño. Vai colgando mentres eu vou por máis.

XAIME.- Pero vai moito frío. Non debías. Vas coller unha catarreira.

LOLA.- Non teñas coidado. Os careixóns son mornos coma un corazón.

XAIME.- *(Aloumiña os corazóns. E fala para si.)* E mais é certo. Están quentes. E son vermellos talmente o sangue.

(Lola sae á procura de máis adobío mentres Xaime vai dispoñendo o que xa trouxera. Cando Xaime remata e está a agardar por Lola, aparece na cuberta un rapaz.)

RAPAZ 1.- Que facedes? Non me deixades durmir. *(Tropeza na árbore e derrúbaa.)*

XAIME.- Que fas, rapaz? Mira que fixeches! Se durmises, home...

RAPAZ 1.- Que pasou? Que tedes aquí no medio estorbando?

XAIME.- Unha árbore. Non a ves?

(Chega Lola con máis adobío e entre os tres van pousando na árbore, tirada como está. Van chegando á cuberta os outros rapaces, en desorde e a medio espertar. Lola arrédase, discretamente, e senta nunha beira.)

RAPAZ 2.- Seica esta noite non se pode durmir, e non?

RAPAZA 1.- Total, eu xa non daba durmido.

RAPAZA 4.- Que pasou aquí? Tedes a cuberta feita un desastre.

RAPAZ 3.- Que é?

XAIME.- Era.

RAPAZ 1.- Unha árbore, seica.

RAPAZA. 1- Unha árbore que dá careixóns?

XAIME.- Que día é hoxe?

RAPAZ. 1- Hoxe?

RAPAZA 2.- Hoxe é Noiteboa.

RAPAZA. 3- Claro! A árbore!

(Botan todos a rir e únense nunha aperta.)

XAIME.- Veña, vamos cear outra vez.

(Todos rin a cachón e sentan ao redor da árbore a comeren os careixóns.)

RAPAZA 1.- Que detalle! E quen a fixo?

RAPAZ 3.- E quen trouxo os careixóns?

XAIME.- Lola, quen ía ser?

RAPAZA 2.- Lola? (*Olla todo ao redor.*) E onde vai Lola?

(Todos procuran Lola coa ollada, pero seguen comendo. Xaime diríxese ao recanto onde está Lola, que agora fica deitada. Tócalle e abanea nela con coidado.)

XAIME.- (*Volvendo onda os rapaces, tristeiro.*) Lola traballou moito toda a noite. Pasou moito frío e adormeceu.

RAPAZA 1.- Voulle facer un pano bordado para a cabeza.

RAPAZA 3.- Eu voulle dar a Ruliña.

RAPAZA 2.- Eu voulle escribir un conto para cando esperte.

RAPAZ. 3.- A min gustárame darlle a bufanda.

XAIME.- Agora ide para os camarotes e tentade durmir o que queda de noite. Mañá haberá que recoller todo e deixar o barco limpo coma un espello. Navegaremos toda a mañá para retirarnos xa a porto.

RAPAZ 1.- A porto xa?

RAPACES (todos).- Ooooooooooh!

XAIME.- Todo se acaba, rapaces. (*Pausa.*) (*Con ton tristeiro.*) Cada cabo teu o seu chicote.

(Os rapaces retíranse. Xaime achégase a Lola, axeónllase, cólelle unha man e chora desconsoladamente mentres se fai o escuro total.)

ESCENA VII

(No peirao está Miguel rodeado de rapaces. Falan inintelixiblemente e vano apertando por quendas.)

MIGUEL.- Que tal, logo, rapaces?

RAPAZ 1.- Ben *(Con ton moderado.) (Pausa.)* O malo foi o de Lola. *(Baixan todos a cabeza e calan.)*

RAPAZA 1.- O resto moi ben.

RAPAZ 3.- *(Con ton moi misterioso, botándolle a man polo ombreiro.)* Sabes que foi o mellor? As gaivotas e os peixes non comen os rapaces.

(Miguel queda pasmado ollando para o rapaz. Despois óllaos a todos para ver as súas reaccións.)

MIGUEL.- E vós como sabedes...?

RAPAZ.- Díxonolo Ruliña.

MIGUEL.- Quen é Ruliña?

(Os rapaces óllanse con complicidade.)

RAPAZA 3.- Un paxariño.

(Botan todos a rir e únense nunha aperta. No fondo, atravesa o escenario a sombra de Lola, que vai lendo uns papeis, e leva unha bufanda enorme no pescozo e un pano bordado na cabeza.)

CAE O PANO